



CONCELLO DE REDONDELA

**CONTRATACIÓN.MCR/cpl**

**FORMALIZACIÓN: CONTRATO ADMINISTRATIVO PARA A EXECUCIÓN DA XESTIÓN INDIRECTA DO SERVIZO PÚBLICO “PISCINA CLIMATIZADA DE REDONDELA”**

Na Casa do Concello de Redondela, a **22 de setembro de dous mil catro.**

**REUNIDOS**

**Dunha parte:** D. **XAIME REI BARREIRO**, Alcalde do Concello de Redondela, con D.N.I. núm. 35.993.467-P asistido da secretaria da Corporación D<sup>a</sup>. **ANA ISABEL DEL CERRO DEL RÍO**, que da fé do acto.

**Doutra parte:** D. **Agustín Martínez Rodríguez**, con D.N.I., núm. **52.435.060-M**, veciño de Carballo (A Coruña). con domicilio a efectos de notificación en rúa Vázquez de Parga, nº 5-2º, con código postal 15100.

**OBRAN:** O Sr. Alcalde, na representación legal do Concello que lle confire o artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo de administración local de Galicia.

D. **Agustín Martínez Rodríguez**, en nome da empresa **SERVICIO, CULTURA DEPORTE Y RECREACIÓN, S.L.**, con C.I.F. **B-15.416.845** e domicilio social na rúa Vázquez de Parga, 5-2º, 15100 Carballo (A Coruña), personalidade que acredita pola escritura de constitución de data 07/04/93 e modificación de 01/08/03, debidamente inscritas no rexistro mercantil e con poder bastante de data 01/08/03, manifestando este último ter plena capacidade para contratar e non estar incurso en ningunha das causas de incompatibilidade e incapacidade que determinan as disposicións vixentes nesta materia e recoñecéndose mutuamente capacidade legal para obrigarse **DÍN:**

**ANTECEDENTES**

**I) PREGO DE CLAÚSULAS ADMINISTRATIVAS e PRESCRICIÓN TÉCNICAS**

Incoado expediente relativo á “Xestión Indirecta mediante concesión do Servizo Público Piscina Climatizada de Redondela”, e formulado polos Servizos Municipais o correspondente prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que foron aprobados por acordo do Pleno do Concello celebrado en data 28.05.04 (adxúntase unha fotocopia dos devanditos pregos asinados polos comparecentes, ANEXO Nº 1), foron emitidos os preceptivos informes pola Secretaría Xeral o día 02.04.04 e pola Intervención Municipal en data 13.04.04, Rfª T 40/04, con reparos e salvados estes, polo Pleno do Concello en data 28.05.04.

\\URBANI08\DOCUMENTOS\CONTRATACION\SERVICIOS\EXPEDIENTES\XESTION PISCINA\PRECIOS PISCINA FORMALIZACION.DOC

r/ Alfonso XII, 2; 36800 Redondela (Pontevedra), NIF - P - 3604500 - C, Telf: 986 400 300 - Fax: 986 403 894





CONCELLO DE REDONDELA

## II) AUTORIZACIÓN DA CELEBRACIÓN DO CONTRATO E FISCALIZACIÓN DO GASTO

Por Acordo do Pleno de data 28.05.04, aprobouse o expediente de contratación, mediante forma de **concurso**, trámite **ordinario**, procedemento **aberto** da xestión do servizo indicado no precedente parágrafo, e dispuxo a apertura do procedemento de adxudicación con arrego ó prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas, que se consideran parte integrante do contrato.

## III) ADXUDICACIÓN DO CONTRATO

Anunciada a licitación no B.O.P. e no D.O.G., o día 26 de xullo de 2004, ante a Mesa de Contratación legalmente constituída procedeuse á apertura das proposicións presentadas. Entres elas, figuraba, sinalada co número 2, a suscrita por **SERVICIO CULTURA, DEPORTE E RECREACIÓN, S.L.**, na que comprometíase a tomar ó seu cargo o referido servizo e coas cláusulas indicadas e que, segundo o informe do enxeñeiro técnico industrial, obtivo a maior puntuación.

O Pleno celebrado en data 29 de xullo e 2004, acordou adxudicar a xestión indirecta do servizo do presente contrato á empresa **SERVICIO, CULTURA DEPORTE Y RECREACIÓN, S.L.**, representada por **D. Agustín Martínez Rodríguez**, con suxeición estricta ó prego de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas aprobados e á proposición presentada (Adxúntase fotocopia do acordo. ANEXO Nº 2).

## IV) GARANTÍA

Conforme á carta de pagamento nº 200417307 de data **31.08.04**, o adxudicatario constituíu a garantía definitiva por importe de **120.000,00 €**, que non será devolta ou cancelada ata que se teña cumprido satisfactoriamente o contrato, ou resolto éste sen culpa do contratista. (Adxúntase fotocopia da referida carta de pagamento. ANEXO Nº 3). Así mesmo, por carta de pagamento nº 200417308 de data 27.08.04, o adxudicatario pagou os gastos de publicidade por importe de 894,56 €, segundo o indicado no devandito acordo de adxudicación.

E, convindo ambas partes, en calidade de adxudicante e adxudicatario, o presente contrato, o formalizan no presente documento administrativo con arrego ás seguintes

## CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.- D. XAIME REI BARREIRO**, Alcalde-Presidente do Concello de Redondela, usando das atribucións que lle confire o Artigo 61.1.m) e n) da Lei 5/1997, de 22 de Xullo da administración local de Galicia, contrata coa empresa **SERVICIO, CULTURA DEPORTE Y RECREACIÓN, S.L.**, con C.I.F. **B-15.416.845**, e con domicilio social en rúa Vázquez de Parga, 5-2º, 15100 Carballo (A Coruña), representada por **D. Agustín Martínez Rodríguez**, con D.N.I., núm. **52.435.060-M**, a execución do contrato de **XESTIÓN INDIRECTA DO SERVIZO PÚBLICO**

\\URBANI08\DOCUMENTOS\CONTRATACION\SERVICIOS\EXPEDIENTES\XESTION PISCINA\PRECIOS PISCINA FORMALIZACION.DOC

r/ Alfonso XII, 2; 36800 Redondela (Pontevedra). NIF - P - 3604500 - C, Telf: 986 400 300 - Fax: 986 403 894

